



Vigo, 25 de marzo de 2020

Estimadas familias:

Polas noticias das que disponemos, non temos constancia de ningún caso de contaxio dentro do noso alumnado do cal alegrámonos enormemente.

Como xa sabedes, a volta ao colexio non está prevista e seguimos á espera de noticias a este respecto.

Vivimos uns días de moita incertidumbre e a pesar de que resulta difícil xestionar anímica e academicamente esta situación, o estamos a intentar.

Queremos agradecervos a comprensión e apoios que tamén as familias dades ao profesorado de todas as etapas educativas. Non dubidedes en enviar ao noso correo (cpr.alborada@edu.xunta.es) calquera dúbida ou problema que teñades.

Pola nosa parte, seguiremos publicando na nosa páxina web as novas que xurdan para mantervos informados. Ademáis, o profesorado segue aportando actividades e tarefas a través de Snappet, Google Classroom e os blogs de infantil e os dous primeiros ciclos de primaria, aos que se pode acceder a través da nosa páxina web. Non sabemos o que pasará co curso académico pero é convinte que os vosos fillos e fillas continúen unha rutina diaria de traballo.

Igualmente, consideramos moi importante coidar a súa parte emocional. Con tal fin, proporcionamos a ligazón do Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia (www.copgalicia.gal) onde no traballo titulado “Retrincos de cores” comenta para os nenos e nenas como é esta situación de emerxencia sanitaria que estamos a vivir.

Moito ánimo para todas as familias e xa sabedes:

“NUNCA SABES O FORTE QUE ERES, ATA QUE SER FORTE É A ÚNICA OPCIÓN “

Un forte abrazo.

O Claustro de profesores.